
Toman forma as e-infraestructuras que apoiarán os proxectos de e-Ciencia en Europa con Grid e HPC

- Actualizado (07.09.2006)

O Grupo de Reflexión das e-Infraestructuras veñen de publicar recentemente unha folla de ruta na que se identifican, de xeito actualizado, os obxectivos das infraestructuras de rede, o software middleware e as organizacións, os recursos e os contornos de colaboración.

Para favorecer a colaboración científica internacional, Europa vén contado dende hai xa moitos anos con redes de investigación nacional que, axudadas pola Comisión Europea, realizan rápidas conexións paneuropeas. Nos últimos anos, as infraestructuras Grid comezaron a ser exploradas, e aínda máis recentemente, téñense iniciado debates sobre colaboracións entre os supercomputadores de toda Europa.

Non obstante, no referente a relacións europeas internacionais, non só aparecen problemas técnicos, senón que tamén é necesario chegar a acordos sobre os fondos, o reparto de recursos, política e asuntos legais.

No Grupo de Reflexión das e-Infraestructuras participan os representantes das fundacións científicas nacionais da maioría dos países europeos co obxectivo de desenvolver unha estratexia para as e-Infraestructuras. Este Grupo publicou recentemente unha Folla de Ruta das e-Infraestructuras (cunha versión regularmente actualizada) na que se identifican os obxectivos para as infraestructuras de rede, o software middleware e as organizacións, os recursos e os contornos de colaboración.

Descargue aquí a Folla de Ruta das e-Infraestructuras.